

MAGOSTO E OUTONO

Poema

TAN, TAN. QUEN É...?

**TAN, TAN. QUEN É?
O OUTONO OUTRA VEZ.
QUE QUERE O OUTONO?
O FRESCO DA TÚA SEN.
NON CHO QUERO DAR.
EU QUÉROCHO QUITAR.**

**TAN, TAN. QUEN É?
O OUTONO OUTRA VEZ.**

(García Lorca)



**Equipos de
Dinamización
da Lingua Galega**

**CURSO 2022/2023
CPI CABO DA AREA (LAXE)**

ADIVIÑAS OUTONO

NO AIRE SE CRÍA,
NO AIRE SE TEN;
BOTA UNHA RISADA,
E PERDE O QUE TEN.

SON PEQUENA,
E A MIÑA COR É MARRÓN;
CANDO CHEGA O OUTONO,
MÉTENME NO FOGÓN.

ABE TEÑO DE NOME,
DE LA O REVESTIMENTO;
O QUE NON ADIVIÑA,
NON TEN
DISCORREMENTO.



ALTO PIMPÍN,
RUÍN CABALEIRO;
RÓMPELLE A BOLSA,
E CÁELLE O DIÑEIRO.

ALTA ESTOU,
LADRÓN VEXO VIR;
DO MEU CARAPUCHO,
NON PODO FUXIR.

ALTO ESTOU,
COR DE OURO TEÑO;
E POR UNHA GARGALLADA,
PERDO O QUE TEÑO.



"SACAR AS CASTAÑAS DO LUME"

O U T O N O

ALTO VIVO,
MÍRAME A XENTE;
E, SE ME RÍO,
CÁEME O DENTE.

SON DE COR CHOCOLATE,
ÁBRENSE COA CALOR;
E SE AS BOTAS AO LUME,
ESTOUPAN DE SABOR.



ESTÁ NA NAVALLA,
ESTÁ NO CADERNO;
CAE DA ÁRBORE,
ANTES DO
INVERNO.

REDONDIÑA E MORENIÑA,
UN POUCO ESMAGADA;
PODES COMER CRÚA,
COCIDA OU ASADA.

UNHA COUSIÑA,
CRIADA NO MONTE;
ENXOITA NA CASA,
E CÓMESE SEN TAXA.



ALTA ESTOU,
LADRÓN VEXO VIR;
DO MEU CARAPUCHO,
NON PODO FUXIR.

"ESTOUPOU COMO UNHA CASTAÑA"

TRABALINGUAS DO OUTONO

UNHA MAÑÁ, PITIÑO PISPÍN

SAÍU PASEAR.

DÍXOLLE A NUBE:

"PIN-PIRIN-PÍN, PITIÑO
PISPÍN

COAS MIÑAS PINGAS HEITE
MOLLAR".

DÍXOLLE O PITO:

"EU TEÑO PARAUGAS,
PARA AS TÚAS PINGAS:
PAN-PARAN-PÁN!".



PÍNGUELE, PÍNGUELE
ESTABA PINGANDO,
FÚNGUELE, FÚNGUELE
ESTABA FUNGANDO.
SE PÍNGUELE, PÍNGUELE
NON PINGABA,
FÚNGUELE, FÚNGUELE
NON FUNGABA.

"QUEDAR EN AUGA DE CASTAÑAS"

REFRÁNS

POLO SAN MARTIÑO VAI VER O TEU SANTIÑO.

CASTAÑAS NO NADAL SABEN BEN E PÁRTENSE MAL.

A HORTA EN OUTONO MANTÉN O SEU DONO.

POLO SAN MIGUEL, O TOUCIÑO SABE A MEL.

OUTONO CHUVIOSO, ANO COPIOSO.

OUTONO QUENTE TRAE, O DEMO NO VENTRE.

A HORTA DO SAN MARTIÑO TEN PARA EL E MAIS PARA O SEU VECIÑO.

POLO SAN MARTIÑO FAISE O MAGOSTO, CON CASTAÑAS ASADAS E MOSTO.

POLO PILAR, AS PRIMEIRAS CASTAÑAS TES QUE ASAR.

CASTAÑAS, NOCES E VIÑO SON AS LEDICIAS DO SAN MARTIÑO.

A CASTAÑA: EN AGOSTO, ARDER; EN SETEMBRO, BEBER E, EN OUTONO, FERVER.

POLO SAN MARTIÑO, MÁTASE O PORQUIÑO.

LÓSTREGOS EN SAN XOÁN, AS CASTAÑAS VANO PAGAR.

AUGA EN AGOSTO, NIN BO VIÑO NIN BO MAGOSTO.

CASTAÑA QUE ESTÁ NO CAMIÑO É DO VECIÑO.

TEMPERÁ É A CASTAÑA QUE POLO SETEMBRO REGAÑA.

QUEN NON SABE MAÑAS NON COME CASTAÑAS.

POLO SAN ANDRÉS, FRÍO NOS PÉS.

O VERÁN DO SAN MARTIÑO, UNHA VEZ GRANDE E OUTRA PEQUENIÑO.

POLO SAN SIMÓN, PON O TAPÓN; POLO SAN MARTIÑO, PROBA O VIÑO.

POLO SAN MARTIÑO, CASTAÑAS E VIÑO.

AUGA DE SAN MARTIÑO, COME PAN E BEBE VIÑO.

AS CASTAÑAS QUE DESPOIS DO SAN MARTIÑO QUEDAN NO SOUTO SON DO MOUCHO.

DESPOIS DO SAN MARTIÑO, VÉN O INVERNO DE CAMIÑO.

FLORES NO OUTONO, FAME NO ANO NOVO.

MAÑÁ DE NÉBOA, TARDES DE SOL; NO OUTONO, ESA PEQUENA CALOR.

CON CASTAÑAS E VIÑO NOVO, XA NON MORRE O POBO.

CANTIGAS DO MAGOSTO

AQUÍ TÉMOLO MAGOSTO,
QUE VIVA A FESTA RACHADA;
OS MENIÑOS DESTA ESCOLA,
FARÁN HOXE A CASTAÑADA.

SEÑORA MARÍA, SEÑOR MANUEL,
CASTAÑAS ASADAS E VIÑO CON MEL;
E VIÑO CON MEL, E VIÑO CON MEL,
SEÑORA MARÍA, SEÑOR MANUEL.

(RETROUSO)

ACABÁRONSE AS VENDIMAS,
E VEÑEN AS ESFOLLADAS;
PARA COMER COAS MOZAS,
CATRO CASTAÑAS ASADAS.

CANTIGAS DO MAGOSTO

A TÍA MARICA ENCIMA DA ABADA
ESPELICOU AS CASTAÑAS LOURADAS.
LOGO NO POTE DE FACER O CALDO
BOTOUNAS TODAS PUÑADO A PUÑADO.
BOUTOULLE FIÚNCHO, SAL E LOUREIRO
E PRENDEULLE LUME A AQUEL POTE DE FERRO.
CANDO FERVERON UN POUCO A CACHÓN
BOTOUNAS TODAS DENTRO DUN CRIBÓN.
CANDO ESTIVERAN BEN FRÍAS E SECAS
AQUELAS CASTAÑAS QUE BONITAS ERAN.
TANTO ME SOUBERON TANTO ME GUSTARON
QUE DENDE AQUEL DÍA SEMPRE ME RECORDO
DA TÍA MARICA.

OUTONO SEN SONO,
NON PODE DURMIR.
PONLLE UNHA MANTIÑA
QUE SE QUEDA AXIÑA
SERENO E FELIZ.

AS ÁRBORES ESPIDIÑAS, SEN FOLLAS NIN FOLLIÑAS.
OS ESQUELETOS DE XEO AMOSAN OS SEUS OUTONOS,
OS SEUS LAIOS, OS SEUS SOÑOS. UNHA ALFOMBRA COBRE O CHAN,
TAPIZ DE FOLLAS CAÍDAS, FOLLIÑAS QUE VEÑEN E VAN.
FOLLIÑAS LIXEIRAS E SECAS, FATIGADAS DE TROULEAR,
FOLLIÑAS QUE BAILAN CO VENTO, TODOS COLLIDOS DA MAN.

COPLAS DO OUTONO

SANTO QUE ESTÁS NO
CANIZO,
BOTA CASTAÑAS ABAIXO;
QUE AÍNDA QUE NON
TEÑAS MANDIL,
APÁÑOCHAS NO REFAIXO.

REMATARON AS VENDIMAS,
E VEÑEN AS ESFOLLADAS;
PARA COMER COAS MOZAS,
CATRO CASTAÑAS ASADAS.

ACABÁRONSE AS CASTAÑAS,
SECÁRONSE OS CASTIÑEIROS;
ACABÁRONSE AS RAPAZAS,
QUEDAN OS MOZOS SOLTEIROS.

A CASTAÑA DO OURIZO,
DE MADURA RABIOU;
CAEU DO OURIZO ABAIXO,
FOI O PAGO QUE LEVOU.

INDO POLO SOUTO
ABAIXO,
ATOPEI UN OURICIÑO;
TRES CASTAÑIÑAS ME DEU,
MEU QUERIDIÑO.

PARA QUE SOBEN, TAN ALTO
PENSAMENTO?
PARA QUE TAN ALTO SOBEN?
SE TEN QUE BAIXAR CO
TEMPO.

NON CHAS QUERO, NON CHAS
QUERO,
CASTAÑAS DO TEU MAGOSTO;
NON CHAS QUERO, NON CHAS
QUERO,
QUE ME CHEIRAN AO CHAMOSCO.

A CASTAÑA DO OURIZO,
QUIXO RIR E ARREGAÑOU;
CAEU DO OURIZO ABAIXO,
MIRA O PAGO QUE LEVOU.

CHEGOU O OUTONO,
A RECOLLIDA DO MILLO;
COMEMOS TODOS CASTAÑAS,
E BEBEMOS VIÑO.

ESTÁ CHEGANDO O SAN
MARTIÑO,
PARA MATAR O MEU
PORQUIÑO;
E ATA O ANO QUE VÉN,
NON UNTO O MEU FOUCIÑO.

OUTONO BONITO,
MAZÁS NO FAIADO,
UVIÑAS MADURAS
E VIÑO GARDADO.
OUTONO BONITO,
FOLLIÑAS NO CHAN;
CASTAÑAS ASADAS,
QUE RICAS ESTÁN.

A CASTAÑA DO OURIZO,
EU BEN VOS SEI O QUE FAI;
SE É QUE ESTÁ VERDE MADURA,
SE É QUE ESTÁ MADURA CAE.

COPLAS DO OUTONO

OS PAXARON MARCHAN
BUSCANDO A CALOR.
AS FOLLAS CAEN
E CAMBIAN DE COR.

O DÍA É MÁIS CURTO,
QUENTA POUCO O SOL.
AS MAZÁS E AS UVAS,
QUE RICAS ESTÁN!

ESTAMOS NO OUTONO,
OS PAXARON MARCHAN XA.
O DÍA É MÁIS CURTO
E O FRÍO VAI CHEGAR.

ESTAMOS NO OUTONO,
AS FLORES VAN AO CHAN.
TEMOS UNHA ALFOMBRA DE
CORES,
PARA XOGAR E PISAR.

AÍ VÉN O OUTONO,
COA CAÍDA DAS FOLLAS.
OS OURIZOS PERDEN O FROITO
PARA COMELO NO MAGOSTO.

AÍ VÉN O OUTONO,
COAS PRIMEIRAS CASTAÑAS
PARA QUE OS GALEGOS
FAGAN TODA CLASE DE LAMBADAS.

CASTAÑA, CASTAÑA
QUE NO LUME ESTÁS
SALTA, SALTA, SALTA
QUE TE QUEIMARÁS.

CASTAÑA, CASTAÑA
QUE NO LUME ESTÁS
TEN COIDADADO
QUE TE QUEIMARÁS.

TIÑA MARÍA NO PETO
CATRO CASTAÑAS ASADAS,

VEU UN GATO MARELO
E LARPOULLE A PAPERADA.

A CASTAÑA, TAÑA, TAÑA,
DO CASTIÑEIRO, EIRO, EIRO,
NON ME PREMA, PREMA, PREMA,
NON ME FAI DANO, DANO, DANO.

CÓMOA, CÓMOA, CÓMOA,
QUENTIÑA, IÑA, IÑA,
CON SORBIÑOS, IÑOS, IÑOS
DE AUGUIÑA, IÑA, IÑA.

MOCIÑOS DE ALÓ ARRIBA,
VÍDEVOS AO FIADEIRO,
QUE VOS HEI DE DAR CASTAÑAS
CANDO EU SEXA CASTAÑEIRO.

MIÑA NAI, DOEME A
BARRIGA.
MIÑA FILLA, CONFESIÓ.
AS CASTAÑAS QUE
COMECHES,
DE QUE CASTIÑEIRO SON?

CASTAÑAS ASADAS
E VIÑO CON MEL;
E A MIÑA SEÑORA
DETRÁS DO TONEL.

XA É TEMPO DE OUTONO,
AS CASTAÑAS NON HAN
FALTAR.
XA É TEMPO DE MAGOSTO
E HAINO QUE CELEBRAR.

TEÑO UN CASTIÑEIRO ALTO,
NO TRONCO TEN MIL
ENREDOS,
TAMPOUCO OS NAMORADOS
PODEN TER OS OLLOS
QUEDOS

AGARDAN OS NENOS POLO
APALPADOR,
E POLOS AGASALLOS QUE LLES
VAI TRAEER,
AGARDAN TAMÉN POLAS
CASTAÑAS
PARA DE MERENDA AS COMER.

COPLAS DO OUTONO

DE NOVO CHEGA O OUTONO
OS OURIZOS CAEN LEDOS,
DE NOVO CHEGA NOVEMBRO
CO MAGOSTO PARA OS
NENOS.

A CASTAÑA DO OUTONO
CHEGA CHEA DE ILUSIÓN,
A CASTAÑA DO MAGOSTO
TRÁENOS A DIVERSIÓN.

VIMOS TODOS AO MAGOSTO
PARA XOGAR E BRINCAR;
OS RAPACES DA ESCOLA,
QUE BEN O IMOS PASAR!

POLA FESTA DO MAGOSTO
E DAS CASTAÑAS ASADAS,
TEMOS ENREDOS E LERIAS
E CANTIDAS ENTOADAS.

NUN AMBIENTE DE LEDICIA
RINDO E FALANDO NO
CHAN
E COMENDO NAS CASTAÑAS
QUE SABOROSAS ESTÁN.

ESTE DÍA DO MAGOSTO
MERENDAMOS AS CASTAÑAS,
QUE RICAS ESTÁN ASADAS,
QUENTIÑAS E CHAMUSCADAS.

OUTONO AMARELO E OCRE,
RETRATO VISTO DO AVERNO,
ADIVIÑA O FORTE ANHELO
E DEIXA PASO AO INVERNO.

NAQUELA BANDA DO RÍO,
TEN MEU PAI UN CASTIÑEIRO,
BOTA CASTAÑAS NO OUTONO
E UVAS NO MES DE XANEIRO.

VEN ONDA NÓS O OUTONO
DACABALO DO AIRE,
NOS CAMIÑOS DA FRAGA
OS OURIZOS XA ABREN.

OS ANANOS DO OUTONO
PINTAN AS UVAS.
OS RAPACES ASEXAN
AS MÁIS MADURAS.
TAMÉN OS GORRIÓNS
REVOAN ENTRE AS CEPAS
DE DOUS EN DOUS.

AQUÍ VÉN O MAIO
DE FLORES CUBERTO.
PUXÉRONSE Á PORTA
CANTÁNDOME OS NENOS;
E OS PUCHOS FURADOS
PARA MIN ESTENDENDO,
PEDÍRONME CROCAS
DOS MEUS CASTIÑEIRO.

DON CARBALLO CHORA LANDRAS
NA AMENCIDA.
E DON OUTONO BABALLA
NÉBOA FRÍA.
DON LABREGO, DE SOMBREIRO,
APLAUDE A DON CASTIÑEIRO
CON VARIÑA DE ABELAIRA.
E DON OURIZO DA CHAIRA,
COMO NON SE TEN COA RISA,
CÁENLLE DENTES DE CASTAÑA.

COPLAS DO OUTONO

CAEN AS FOLLAS,
CHEGA O OUTONO,
O VENTO E A CHOIVA
INVADEN OS SOUTOS.

AS ASADAS CASTAÑAS,
QUE BOAS ESTÁN!
QUENTIÑAS E DOURADAS
CALORIÑA ME DAN.

CASTAÑA, CASTAÑA, DO CHAN SE
APAÑA,
METIDA NO OURIZO NON É UNHA
PATRAÑA.
MAGOSTO, MAGOSTO, NON VAIAS
CO POSTO,
LEVA CASTAÑAS E ALEGRA ESE
CORPO.

COIDADO COS DEDOS, PÓDESTE
PICAR,
O CASTIÑEIRO PROTEXE O SEU
FROITO VITAL.
APAÑANDO CON TINO, METENDO
NUN CESTO,
DEIXANDO SECAR A CASTAÑA
AOS SOLLEIRO.

DESPOIS DE BEN SECAS,
MÉTELLE O DENTE,
PONAS AO LUME PARA QUE
ESTEAN BEN QUENTES.
DESPOIS DUN TEMPIÑO ESTÁN
PREPARADAS,
COMEMOS CASTAÑAS,
CASTAÑAS ASADAS.

SE O MES DE AGOSTO VÉN CLARO,
BO MAGOSTO E BO NABO;
SE VÉN NUBRADO,
POUCAS CASTAÑAS E NABOS
FURADOS.

A CASTAÑA NO OURIZO
CRÍA MOITA GRAVIDADE,
FAI COMA OS MOZOS SOLTEIROS
CRIADOS NA LIBERDADE.



Don carballo chora landros na amenada.
E don outono balbulla néboa fría.

Don Labrego, de sombrieros,
aplaude a don castiñeiro
con varinha de abelaira.

E don Ourizo da chaira,
como non se ten coa risa,
cáenlle dentes de castaña.

Helena Villar
e Xeris Rábade



Adrián Miñones Macía

ESTE CATÁLOGO FOI ELABORADO GRAZAS Á RECOMPILACIÓN
REALIZADA POLO ALUMNADO DO CPI CABO DA AREA (LAXE).

TAMÉN É O RESULTADO DO TRABALLO CONXUNTO DOS
EQUIPOS DA BIBLIOTECA E DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA
GALEGA.

MOITAS GRAZAS!

